

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS** do día **CATORCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1^o.- URBANISMO.-

2^o.- CONTRATACIÓN.-

3^o.- INTERVENCIÓN.-

1^o.- URBANISMO.-

1.1.- Aprobación inicial proxecto de urbanización.

Visto o expediente instruído a instancia de XESTUR PONTEVEDRA, solicitando licenza para a realización das obras comprendidas no proxecto de urbanización da Fase-2 do parque empresarial Area-33, situado no lugar da Mera (Silleda), presentado en data 5 de marzo de 2.008, con número de rexistro de Entrada 1.106. Proxecto de urbanización redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. José P. Gosende Tuñas, visado do correspondente Colexio Oficial en data 22 de xaneiro de 2.008.

Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto asesor técnico municipal D. José Luis Rodríguez González e polo arquitecto técnico municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, de data 14 de outubro de 2.008, que dispón o seguinte:

*“ En conclusión, según o criterio dos técnicos que suscriben estímase **INFORMAR FAVORABLEMENTE** o proxecto citado, ós efectos oportunos e condicionada ó cumprimento do especificado anteriormente (puntos 6 e 7 deste informe técnico) e á presentación, con anterioridade ó inicio das obras, dos seguintes documentos e sen perxuizo doutras autorizacións necesarias e regulamentarias:*

1.- Oficio de dirección das obras (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.

2.- Presentación dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de todos os servizos urbanos danados como consecuencia das obras realizadas, de acordo coas disposicións técnicas dos servizos municipais.”

Visto o disposto no informe de secretaría, sobre o procedemento e lexislación aplicable, de data 14 de outubro de 2.008.

Vista a tramitación dos proxectos de urbanización regulada no artigo 110 da Lei 9/2002 de 30 de Decembro de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da Fase-2 do parque empresarial Area-33, situado no lugar da Mera (Silleda), presentado por XESTUR PONTEVEDRA, de conformidade coa documentación técnica presentada.

SEGUNDO: Someter o proxecto de urbanización a información pública durante o prazo de 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior circulación da provincia.

TERCEIRO Requerir a Xestur Pontevedra, S.A., para que proceda a presentación, da documentación requerida no informe técnico de data 14 de outubro de 2.008, que é a seguinte:

1.- Oficio de dirección das obras (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.

2.- Presentación dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de todos os servizos urbanos danados como consecuencia das obras realizadas, de acordo coas disposicións técnicas dos servizos municipais.

3.- Presentación do compromiso de execución das obras de urbanización e de reposición total de todos os servizos danados como consecuencia das obras, de acordo coas disposicións técnicas dos Servizos Técnicos Municipais.

4.- Presentación dun aval bancario, como garantía da execución das obras de urbanización e da reposición total de todos os servizos danados como consecuencia das obras, por importe do 10% do custo total do proxecto.

1.2.- Licencia de segregación.

Dase conta da solicitude presentada por Dona Bárbara Fernández Domínguez e representación de XESTUR PONTEVEDRA, S.A., con domicilio na praza de Maruja Mallo nº 1-11, en Vigo, Rexistro de Entrada nº , de data 8 de setembro de 2.008, solicitando a parcelación da marxe A do parque empresarial Area 33 de Silleda, co fin de constituir fincas

registrais independentes.

Visto o informe suscrito polo arquitecto asesor técnico municipal D. José Luis Rodríguez González e polo arquitecto técnico municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, de data 14 de outubro de 2.008, que dispón o seguinte:

“ANTECEDENTES:

1º- En data 29-xullo-2005 a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda, acordou conceder licenzia para segregarse dúas parcelas do marxe A (2ª fase do parque empresarial) do parque empresarial Área-33, situado no lugar da Mera (Silleda). Consta no informe técnico emitido para a concesión desta licenzia de segregación o que literalmente se transcribe:

“ ...

2º- Preténdense segregarse da parcela matriz dúas parcelas, que quedarían do seguinte xeito:

- Parcela A: Cunha extensión superficial de 5.500,00 m² (onde están ubicadas as instalacións do parque comarcal de bombeiros).

- Parcela B: Cunha extensión superficial de 6.722,00 m² (onde está ubicado o heliporto da Consellería de Medio Ambiente).

3º- A finca matriz, despois de realizada a segregación das dúas parcelas, quedaría cunha superficie total de 115.075,94 m².

“ ...”

2º- Consta informe emitido polos técnicos que suscriben, de data 27-maio-2008, no que literalmente consta o que se transcribe:

“...1.- A superficie total do parque empresarial Área-33 (Trasfontao) de Silleda (Pontevedra), é de 295.433,00 m² (según consta en modificación puntual do Plan Parcial do Parque Empresarial “Área-33” de data 7-marzo-2002). Éste atópase dividido en dúas porcións (marxe A e marxe B) e está atravesado por unha infraestrutura pública (estrada N-525) según se pode apreciar en documentación que se xunta a este informe.

2.- Polo que os técnicos que suscriben, estiman que non é necesaria licenzia municipal de segregación das marxes A e B do parque empresarial “Área-33” de Silleda, ó atoparse xa dividida por unha infraestrutura pública (estrada N-525), sendo o trazado, execución e uso máis antigo que a implantación do parque empresarial “Área-33”.

“ ...”.

3º- Consta presentado en data 8-setembro-2008 (registro de entrada número 4.608) "Memoria de segregación" composta de 3 follas, instancia e 2 planos, todos eles con selo de Xestur, coa mesma data, mesmo número de saída do Organismo citado, atopándose sin visar polo colexio profesional e unicamente asinado un dos planos polo arquitecto don J. Carlos García Vidal.

INFORME TÉCNICO:

1º- A finca matriz que se sinala na memoria técnica (referenciada no punto 3 dos antecedentes deste informe técnico) aportada coa solicitude ten unha superficie de 116.602,11 m², e sitúase na marxe A do parque empresarial Área-33 de Silleda.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Límite do parque empresarial.
Sur: Estrada Nacional 525.
Este: Límite do parque empresarial.
Oeste: Estrada a lugares da parroquia de Vilar.

Conforme ó vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, é divisible e cumpre co establecido na Sección 4ª (parcelacións), Artigo 204, da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

2º- Preténdese parcelar dita finca matriz, que quedaría do seguinte xeito:

- Parcela número 1.1: Cunha extensión superficial de 1.564,65 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Límite do parque empresarial.
Sur: Vial do parque empresarial.
Este: Parcela segregada nº 1.2.
Oeste: Vial do parque empresarial.

- Parcela número 1.2: Cunha extensión superficial de 1.420,65 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Límite do parque empresarial.
Sur: Vial do parque empresarial.
Este: Parcela segregada nº 1.3.
Oeste: Parcela segregada nº 1.1.

- Parcela número 1.3: Cunha extensión superficial de 1.452,29 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Límite do parque empresarial.

Sur: Vial do parque empresarial.
Este: Parcela segregada nº 1.4.
Oeste: Parcela segregada nº 1.2.

- Parcela número 1.4: Cunha extensión superficial de 1.425,92 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Límite do parque empresarial.
Sur: Vial do parque empresarial.
Este: Parcela segregada nº 1.5.
Oeste: Parcela segregada nº 1.3.

- Parcela número 1.5: Cunha extensión superficial de 1.458,08 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Límite do parque empresarial e parcela segregada 1.6.
Sur: Vial do parque empresarial.
Este: Parcela segregada nº 1.6.
Oeste: Parcela segregada nº 1.4.

- Parcela número 1.6: Cunha extensión superficial de 4.517,05 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Límite do parque empresarial.
Sur: Vial do parque empresarial.
Este: Vial do parque empresarial.
Oeste: Parcela segregada nº 1.5.

- Parcela número 2: Cunha extensión superficial de 20.197,39 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Estrada a “Vilar”.
Sur: Zona Verde e parcela segregada nº 6.
Este: Vial do parque empresarial.
Oeste: Límite do parque empresarial, estrada a “Vilar” e vial de

acceso.

- Parcela número 3: Cunha extensión superficial de 15.268,40 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque

empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Vial do parque empresarial.
- Sur: Parcela segregada denominada equipamento deportivo.
- Este: Vial do parque empresarial.
- Oeste: Vial do parque empresarial.

- Parcela número 4.1.a: Cunha extensión superficial de 1.049,13 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Parcela segregada nº 4.1.b. e en parte coa parcela segregada nº 5.
- Sur: Vial do parque empresarial.
- Este: Vial do parque empresarial.
- Oeste: Vial do parque empresarial.

- Parcela número 4.1.b: Cunha extensión superficial de 1.038,10 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Parcela segregada nº 4.2.
- Sur: Parcela segregada nº 4.1.a.
- Este: Vial do parque empresarial.
- Oeste: Parcela segregada nº 5.

- Parcela número 4.2: Cunha extensión superficial de 1.201,53 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Parcela segregada nº 4.3.
- Sur: Parcela segregada nº 4.1.b.
- Este: Vial do parque empresarial.
- Oeste: Parcela segregada nº 5.

- Parcela número 4.3: Cunha extensión superficial de 1.278,29 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Parcela segregada nº 4.4.
- Sur: Parcela segregada nº 4.2.
- Este: Vial do parque empresarial.

Oeste: Parcela segregada nº 5.

- Parcela número 4.4: Cunha extensión superficial de 1.349,27 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Parcela segregada nº 4.5.

Sur: Parcela segregada nº 4.3.

Este: Vial do parque empresarial.

Oeste: Parcela segregada nº 5.

- Parcela número 4.5: Cunha extensión superficial de 1.551,51 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Parcela segregada denominada equipamento deportivo.

Sur: Parcela segregada nº 4.4.

Este: Vial do parque empresarial.

Oeste: Parcela segregada nº 5 e a parcela xa segregada “5.parc.”

- Parcela número 5: Cunha extensión superficial de 788,87 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Parcela segregada denominada equipamento deportivo.

Sur: Parcela xa segregada anteriormente nº 5.

Este: Parcela segregada nº 4.5.

Oeste: Vial do parque empresarial.

- Parcela número 6: Cunha extensión superficial de 4.931,50 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

Norte: Parcela segregada denominada zona verde e parcela segregada nº 2.

Sur: Parcelas segregadas nº 7a e 7b.

Este: Parcela segregada denominada zona verde e en pequena parte da parcela segregada “nº 8 parc.”

Oeste: Parcela segregada nº 2 e accesos vial parque empresarial.

- Parcela número 7.a: Cunha extensión superficial de 2.100,19 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Parcela segregada nº 6.
- Sur: Accesos ó parque empresarial.
- Este: Parcela segregada nº 7b.
- Oeste: Parcela segregada nº 6.

- Parcela número 7.b: Cunha extensión superficial de 2.017,90 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SOLO INDUSTRIAL.

Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Parcela segregada nº 6.
- Sur: Accesos ó parque empresarial.
- Este: Parcela xa segregada “nº 8 parc.”
- Oeste: Parcela segregada nº 7ª.

- Parcela número 8: Cunha extensión superficial de 498,72 m² (linda o Norte con parcela segregada denominada zona verde, Sur con vial de acceso o parque empresarial, Este con parcela xa segregada “nº 8 parc e Oeste con parcela segregada nº 7b e en pequena parte parcela segregada 6a), sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como EQUIPAMENTO. Ten como finalidade a de ser agrupada posteriormente á parcela segregada con anterioridade (ver punto 11 dos antecedentes deste informe técnico) de superficie 5.500,00 m² situada en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como EQUIPAMENTO, resultando despois da agregación unha única parcela de 5.998,72 m², situada toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como EQUIPAMENTO.

Non constan os lindeiros da parcela resultante da agregación.

- EQUIPAMENTO DEPORTIVO 9: Cunha extensión de 5.917,90 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como EQUIPAMENTO DEPORTIVO.

Os seus lindeiros son os seguintes:

- Norte: Parcela segregada nº 3.
- Sur: Parcela xa segregada “nº 5 parc” e parcela segregada nº 4.5.
- Este: Vial do parque empresarial.
- Oeste: Vial do parque empresarial.

- Zonas verdes e espazos libres: Cunha extensión de 22.386,00 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como ESPACIOS LIBRES PÚBLICOS (ZONA VERDE).

Non constan os lindeiros da parcela.

- Aparcadoiros viais espaciaos asociados: Cunha extensión de 23.188,77 m², sitúase toda ela en solo clasificado pola vixente modificación do Plan Parcial do parque empresarial Area 33 (Silleda) como SISTEMA VIARIO.

Non constan os lindeiros da parcela.

Polo tanto non se aprecia inconveniente técnico á solicitude formulada e estímase **INFORMAR FAVORABLEMENTE**, ós efectos oportunos, e **CONDICIONADA** á presentación do proxecto de segregación debidamente asinado polo técnico redactor do mesmo e visado polo colexio profesional correspondente.

O non cumprimento dos condicionantes anteriores implicará informe desfavorable de cara á concesión da licenzia de obra”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenzia de parcelación solicitada., condicionada á presentación do proxecto de segregación debidamente asinado polo técnico redactor do mesmo e visado polo colexio profesional correspondente.

1.3.- Licenzia de obra maior.

Dase conta da solicitude de licenzia para construción de nave industrial sen uso específico presentada por D. José Luis Rivas Ramos, en representación de COMETAL INPESA, S.L., con domicilio no Parque empresarial Area-33 de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnico e xurídico, de data 14 de outubro de 2.008 acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenzia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) **NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR:** D. José Luis Rivas Ramos, en representación de COMETAL INPESA, S.L., con domicilio no Parque empresarial Area-33 de Silleda.

b) **FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ:** Construción De nave industrial sen uso específico. Proxecto básico visado polo Colexio Oficial de enxeñeiros industriais de Galicia en data 9 de outubro de 2.007.

c) **SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS:** Parcela número 2 da marxe A do Parque empresarial Area-33 (Silleda).

d) **TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS:** Enxeñeiro Industrial D. Fernando Wirtz Guuimaraens.

e) **CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS:** 1.092.460,00 (execución material) e 9.466,00 euros (Estudio de Seguridade e saúde)

f) **CONDICIONANTES:** Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe emitido polo arquitecto asesor técnico municipal, D. José Luis Rodríguez González e do arquitecto técnico municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, de data 14 de outubro de

2.008, no que se sinala:

“Polo tanto, e tendo e conta o especificado anteriormente, os técnicos que suscriben estiman INFORME FAVORABLE a los efectos oportunos, CONDICIONADO ó cumprimento das indicacións sinaladas nos puntos seguintes, e todas aquelas outras que xurdan no proceso de tramitación do expediente:

1.- Declaración que xuridicamente se estime oportuna na que se renuncie á interposición de calquera demanda por responsabilidade patrimonial ante a Administración para o suposto de que, construída a obra, non proceda a licenzia de apertura.

2.- Á presentación dunha Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que durante ou antes de rematar as obras, deberá urbanizar a zona de retranqueo frontal nas zonas de acceso mediante formigón armado ou asfalto, que reforce as instalacións de paso e acondicionamento da zona axardinada.”

O promotor da obra deu cumprimento ós condicionantes sinalados, mediante a presentación das citadas declaracións en data 14 de outubro de 2.008, con número de rexistro de entrada 5331.

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenzia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licenzia e data da licenzia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licenzia 5265/08.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 (informe técnico) e 24.793,34 (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

2º.- CONTRATACIÓN.-

2.1.- “Abastecimento de auga en Taboada, Margaride y Piñeiro ” do PSA/2006.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº dous, polo importe de 51.739,00 , correspondente a obra “Abastecimento de auga en Taboada, Margaride y Piñeiro” do PSA/2006, executada por FERTAF Obras y Servicios S.L.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº dous da obra Abastecimento de agua en Taboada, Margaride y Piñeiro” do PSA/2006, por importe de 51.739,00 □□□, asinada polo Enxeñeiro Técnico- Director das Obras, Dº. Roberto Estévez Vázquez.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
01.10.08	95	FERTAF Obras y Servicios S.L.	51.739,00 □□□

3º.- INTERVENCIÓN.-

3.1.- Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00058-08, de data 14 de outubro de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 111.239,00 □□□ (Relación en Anexo adxunto).

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as once horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,